XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
*"O FSE inviste no teu futuro"*

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

CSPEA01

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

# Economía da empresa

Economía da empresa

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- Puntuación: 0.50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0.125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. Nas economías planificadas, as empresas:

*En las economías planificadas, las empresas:*

**A** Non basean a súa actuación na maximización de beneficios.
*No basan su actuación en la maximización de beneficios.*

**B** Basean a súa actuación na minimización de custos.
*Basan su actuación en la minimización de costes.*

**C** Non funcionan con plans concretados en directivas.
*No funcionan con planes concretados en directivas.*

## 2. Dos seguintes conceptos, sinale cal NON se incluiría no cálculo do Produto Nacional Bruto (PNB).

*De los siguientes conceptos, señale cuál NO se incluiría en el cálculo del Producto Nacional Bruto (PNB).*

**A** As exportacións de laranxas aos Estados Unidos (EEUU).
*Las exportaciones de naranjas a los Estados Unidos (EEUU).*

**B** A compra de televisores por parte das familias.
*La compra de televisores por parte de las familias.*

**C** A compra de rodas por parte dunha fábrica de automóbiles.
*La compra de ruedas por parte de una fábrica de automóviles.*

## 3. A empresa RENFE é unha empresa:

*La empresa RENFE es una empresa:*

**A** Pública e do sector secundario.
*Pública y del sector secundario.*

**B** Privada e do sector secundario.
*Privada y del sector secundario.*

**C** Pública e do sector terciario.
*Pública y del sector terciario.*

## 4. Como se denomina o órgano de xestión, goberno e representación dunha cooperativa?

*¿Cómo se denomina el órgano de gestión, gobierno y representación de una cooperativa?*

**A** Consello reitor.
*Consejo rector.*

**B** Xunta xeral.
*Junta general.*

**C** Interventor.
*Interventor.*

## 5. Cando dúas ou máis empresas desaparecen para formar unha nova á que lle achegan o seu patrimonio, estamos nun caso de:

*Cuando dos o más empresas desaparecen para formar una nueva a la que aportan su patrimonio, estamos ante un caso de:*

**A** Fusión por absorción.

**B** Participación.

**C** Fusión pura.

## 6. As externalidades forman parte do desenvolvemento produtivo dunha empresa. En que consisten?

*Las externalidades forman parte del desarrollo productivo de una empresa. ¿En qué consisten?*

**A** Acordos cunha segunda empresa para realizar determinadas tarefas.
*Acuerdos con una segunda empresa para realizar determinadas tareas.*

**B** Actividades que afectan indirectamente outras persoas.
*Actividades que afectan indirectamente a otras personas.*

**C** Decisións legais do Estado que inflúen nas empresas.
*Decisiones legales del Estado que influyen en las empresas.*

## 7. Entre as características dunha pequena e mediana empresa (PEME) en comparación cunha empresa multinacional, está:

*Entre las características de una pequeña y mediana empresa (PYME) en comparación con una empresa multinacional, está:*

**A** Pouca capacidade financeira, pouca formación empresarial e obsolescencia tecnolóxica.
*Poca capacidad financiera, poca formación empresarial y obsolescencia tecnológica.*

**B** Pouca formación empresarial, obsolescencia tecnolóxica e insolvencia financeira.
*Poca formación empresarial, obsolescencia tecnológica e insolvencia financiera.*

**C** Pouca capacidade financeira, obsolescencia tecnolóxica e formación empresarial.
*Poca capacidad financiera, obsolescencia tecnológica y formación empresarial.*

## 8. A especialización dos postos de traballo:

*La especialización de los puestos de trabajo:*

**A** Obriga a fraccionar o tempo de traballo, diminuíndo a produtividade.
*Obliga a fraccionar el tiempo de trabajo, disminuyendo la productividad.*

**B** Ten como vantaxe facer o posto de traballo distraído e non rutineiro.
*Tiene como ventaja hacer el puesto de trabajo distraído y no rutinario.*

**C** Permite un maior adestramento na tarefa, aumentado a eficiencia.
*Permite un mayor entrenamiento en la tarea, aumentando la eficiencia.*

## 9. Será preciso levar a cabo unha avaliación de riscos laborais cando:

*Será preciso llevar a cabo una evaluación de riesgos laborales cuando:*

**A** Se incorpore un traballador novo á cadea de produción.
*Se incorpore un trabajador nuevo a la cadena de producción.*

**B** Se produza un accidente ou dano para a saúde dun traballador.
*Se produzca un accidente o daño para la salud de un trabajador.*

**C** Cambie o equipo directivo ou a cadea de mando.
*Cambie en equipo directivo o la cadena de mando.*

## 10. Supoñamos que para alcanzar unha produción de 15000 unidades, a empresa A dedica 10 traballadores a xornada completa de 8 horas durante 20 días, entanto que a empresa B dedica 7 traballadores coa mesma xornada durante 30 días.

*Supongamos que para alcanzar una producción de 15000 unidades, la empresa A dedica 10 trabajadores a jornada completa de 8 horas durante 20 días, mientras que la empresa B dedica 7 trabajadores con la misma jornada durante 30 días.*

**A** A produtividade do factor traballo da empresa A é maior que a da empresa B.
*La productividad del factor trabajo de la empresa A es mayor que la de la empresa B.*

**B** A produtividade do factor traballo na empresa B é maior que na empresa A.
*La productividad del factor trabajo en la empresa B es mayor que en la empresa A.*

**C** A produtividade do factor traballo é igual en ambas as empresas.
*La productividad del factor trabajo es igual en ambas empresas.*

## 11. Segundo o modelo de Wilson, cando as existencias chegan ao punto de pedido...

*Según el modelo de Wilson, cuando las existencias llegan al punto de pedido...*

**A** Alcánzase o stock de seguridade.
*Se alcanza el stock de seguridad.*

**B** Alcánzase el volume óptimo de pedido.
*Se alcanza el volumen óptimo de pedido.*

**C** Xestiónase un novo pedido.
*Se gestiona un nuevo pedido.*

## 12. O limiar de rendibilidade aumenta:

*El umbral de rentabilidad aumenta:*

**A** Se o prezo de venda do produto se incrementa.
*Si el precio de venta del producto se incrementa.*

**B** Se o custo fixo de produción se reduce.
*Si el coste fijo de producción se reduce.*

**C** Se o custo medio variable aumenta.
*Si el coste medio variable aumenta.*

## 13. Os custos variables son:

*Los costes variables son:*

**A** Os que son independentes da cantidade producida.
*Los que son independientes de la cantidad producida.*

**B** Os sometidos a variación no prezo dos factores.
*Los sometidos a las variación en el precio de los factores.*

**C** Os proporcionais á cantidade producida.
*Los proporcionales a la cantidad producida.*

## 14. A investigación de mercados consiste en:

*La investigación de mercados consiste en:*

**A** Compilar, elaborar e analizar información sobre o contorno específico da empresa.
*Recopilar, elaborar y analizar información sobre el entorno específico de la empresa.*

**B** Compilar, elaborar e analizar información exclusivamente sobre os consumidores.
*Recopilar, elaborar y analizar información exclusivamente sobre los consumidores.*

**C** Compilar, elaborar e analizar información sobre o contorno xeral, a competencia e os consumidores.
*Recopilar, elaborar y analizar información sobre el entorno general, la competencia y los consumidores.*

## 15. Na etapa de madureza do ciclo de vida dun produto:

*En la etapa de madurez del ciclo de vida de un producto:*

**A** Os gastos en promoción son moi elevados e os ingresos obtidos non os absorben.
*Los gastos en promoción son muy elevados y los ingresos obtenidos no los absorben.*

**B** As vendas e os beneficios diminúen moito.
*Las ventas y los beneficios disminuyen mucho.*

**C** Dáse unha estabilidade das vendas e dos beneficios.
*Se da una estabilidad de las ventas y de los beneficios.*

## 16. A solvencia é a capacidade que ten a empresa para:

*La solvencia es la capacidad que tiene la empresa para:*

**A** Converter os seus investimentos en medios de pagamento líquidos.
*Convertir sus inversiones en medios de pago líquidos.*

**B** Pagar as débedas coa garantía dos seus activos.
*Pagar las deudas con la garantía de sus activos.*

**C** Investir sen ter que endebedarse.
*Invertir sin tener que endeudarse.*

## 17. A rendibilidade financeira pódese definir como:

*La rentabilidad financiera se puede definir como:*

**A** A porcentaxe que representa o beneficio antes de xuros e impostos sobre o total dos investimentos realizados.
*El porcentaje que representa el beneficio antes de intereses e impuestos sobre el total de las inversiones realizadas.*

**B** A porcentaxe que representa o beneficio neto ou beneficio despois de impostos sobre os fondos propios da empresa.
*El porcentaje que representa el beneficio neto o beneficio después de impuestos sobre los fondos propios de la empresa.*

**C** O beneficio obtido polos accionistas (dividendos) cos capitais que achegaron á empresa.
*El beneficio obtenido por los accionistas (dividendos) con los capitales que han aportado a la empresa.*

## 18. Un leasing financeiro é:

*Un leasing financiero es:*

**A** Un crédito financeiro que funciona como unha conta corrente.
*Un crédito financiero que funciona como una cuenta corriente.*

**B** Un arrendamento financeiro con opción de compra.
*Un arrendamiento financiero con opción de compra.*

**C** A entrega a unha empresa das débedas de clientes para que nos adiante o cobramento e o xestione.
*La entrega a una empresa de las deudas de clientes para que nos adelante el cobro y lo gestione.*

## 19. Son fontes de financiamento interno para a empresa:

*Son fuentes de financiación interna para la empresa:*

**A** O capital social e as reservas do exercicio.
*El capital social y las reservas del ejercicio.*

**B** Reservas e amortizacións.
*Reservas y amortizaciones.*

**C** O capital social e as primas de emisión de accións.
*El capital social y las primas de emisión de acciones.*

## 20. O prazo de recuperación ou pay-back dun investimento é:

*El plazo de recuperación o pay-back de una inversión es:*

**A** O período de tempo no que os fluxos netos de caixa que se producen como consecuencia do investimento igualan o desembolso inicial.
*El período de tiempo en el que los flujos netos de caja que se producen como consecuencia de la inversión igualan el desembolso inicial.*

**B** O tipo de xuro ou desconto que fai o seu valor actual neto igual a cero.
*El tipo de interés o descuento que hace su valor actual neto igual a cero.*

**C** A diferenza entre o cobramento xerado por un investimento determinado nun momento e o pagamento que ese investimento require nese momento.
*La diferencia entre el cobro generado por una inversión determinada en un momento y el pago que esa inversión requiere en ese momento.*

# 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | | X | |
| 3 | | | X | |
| 4 | X | | | |
| 5 | | | X | |
| 6 | | X | | |
| 7 | X | | | |
| 8 | | | X | |
| 9 | | X | | |
| 10 | X | | | |
| 11 | | | X | |
| 12 | | | X | |
| 13 | | | X | |
| 14 | | | X | |
| 15 | | | X | |
| 16 | | X | | |
| 17 | | X | | |
| 18 | | X | | |
| 19 | | X | | |
| 20 | X | | | |
| Nº de respostas correctas (C) | | | | |
| Nº de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test = C x 0.5 – Z x 0.125 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0.125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.**